

# Poesía con formato de guión cinematográfico: a nova e orixinal obra de Miguel Barrera

Este **POEMA DA RÚA DAS AVES** logrou en 2019 o **XLV Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba**

**FICHA TÉCNICA:**  
68 pp . 21 x 15 cms.  
ISBN:  
978-84-16460-78-6  
PVP: 13 €  
Ilustrado con 11  
fotografías do autor.



SANTIAGO DE COMPOSTELA, MAIO DE 2020.- «A poesía con formato guión». Así define o autor este singular libro de versos que foi recoñecido en 2019 co Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición número 45.

O *Poema da Rúa das Aves* é «imaxe en poesía, poesía en imaxe». Xorde a partir dun feito tan real como fundamento poético: no barrio vilalbés de Porta de Cima cada casa era coñecida cun orixinal alcume de paxaro (que o autor personifica como «Andoriña do Rego», «Moucha Sagrario», «Bubela Engracia»...).

Sobre esta historia, e utilizando técnicas cinematográficas, Miguel Barrera elabora unha sedutora homenaxe en verso a este barrio da súa vila natal, composicións que son tamén un tributo aos poetas de Vilalba.

E a partir deste ámbito íntimo, Barrera constrúe toda unha metáfora do noso país.

**XOSÉ MIGUEL BARRERA VÁZQUEZ** naceu en Vilalba en 1964 e reside en Torrelaguna (Madrid). Comezou a publicar os seus versos en 1985 no xornal *A Voz de Vilalba*. É autor dos libros de poesía *Loita de silencio* (1993), *Na árbore do desespero (Derradeiros poemas de Cándida)* (2002) e *Poemas do tempo silenciado* (2006). Forma parte do denominado grupo Bilbao de poetas galegos afincados en Madrid e da xunta directiva de Amigos de Prisciliano, movemento cultural fundado en París polo escritor Ramón Chao. É ademais fundador e foi vicepresidente da asociación Letras de la Sierra Norte de Madrid, e integrou o grupo de guionistas do proxecto cinematográfico «Una tela en blanco».

Para contactar co autor: [jm.barrera.vazquez@gmail.com](mailto:jm.barrera.vazquez@gmail.com) 689 85 25 34

